

## ARISTÓTELES - TEXTO 1

**PRESENTACIÓN DO TEXTO:** o texto pertence ao tratado chamado *Física* que consta de 8 volumes i versa sobre o que Aristóteles denominou “filosofía segunda” ou “filosofía natural” e que contraponía á filosofía primeira ou metafísica (aínda que el nunca utilizou esta denominación, foi un aristotélico, Andrónito de Rodas xa no século I ne, quen o fixo). Na Física Aristóteles da natureza e as súas características.

O fragmento que imos comentar pertence ao libro IV escrito sobre o 355ane, e que trata de o movemento e sobretudo as súas causas.

**PRESENTACIÓN VITAL:** Resaltar: 1) Os seus orixes platónicos e o distanciamento co mestre 2) as súas orixes macedonias, sempre foi un extranxeiro en Atenas 3) A importancia do Lyceo e dos peripatéticos no avance da investigación científica e no estudo.

**TEMA DO TEXTO:** “As causas do movemento”

### DESARROLLO TEXTO:

Preliminares: ataque ao pensamento platónico (2,a 4).

. Na linea 3 di: “.. é evidente que nós temos que facelo (coñecer) coa xeración e destrución ...” por tanto afirma, contra Platón, que o movemento existe. De aquí enlazades cas **CAUSAS** de ese movemento e iniciades o comentario.

. A teoría das catro causas de Arist, non é só unha clasificación; é unha explicación das causas do Ser:

- Causa material (I6,7): aquilo do que están feitas as cousas. O que permite que as cousas se actualicen. Sen o substrato nada pasa ao acto de ser. Recalcar que é substrato. É potencialidade. Está presente nos presocráticos (explicar a arxé, neste contesto)

- Causa formal (I8,9): é a forma das cousas, por tanto é a esencia para Arist. É o que o distingue do resto e o fai ser o que é. É a actualización da potencia da materia. Remarcar a diferenza con Platón: a forma agora non é só unha idea preexistente, agora está unida inexorablemente a unha materia, non hai formas puras (explicar o alonxamento de Arist do idealismo). Causa existente nos presocráticos, tamén é o arxé (explicar)

- Causa eficiente (I10,11): é o principio que actúa sobre o substrato (materia) e produce o cambio. Arist descarta o azar, para el o cambio necesita un **axente causador** que non sexa causado por outro (o causador primeiro: motor inmóbil, causa incausada, acto puro ...) A causa eficiente é a que produce, a que opera ou fai. É o Nous de Anaxágoras, o amor/odio de empédocles, o Demiurgo de Platón (contádeo).

- Causa final (I13,14): Arist introduce a idea de que o cambio non só se produce senón que se produce con intencionalidade. Non é arbitrario nin azaroso. A causa final é o **telos** ou **propósito**. Se na metafísica de Arist na parte de teoloxía, o filósofo fala da necesidade dun deus que é motor inmóbil ... a causa final de todo (de todo o universo) é a perfección.

**TEMAS SECUNDARIOS:** se non falchedes do seguinte é o momento.

- . Distinto concepto de movemento de Pla e Aristóteles.
- . Necesidade da teoloxía na física aristotélica

### **CONCLUSIÓN:**

Importancia de Aristóteles como científico. Paso adiante respecto a Platón polo seu empirismo pero retroceso na modernidade do concepto de movemento respecto aos atomistas. Aristóteles sentou as bases da ciencia moderna a través da súa lóxica formal, a observación sistemática e a clasificación de seres vivos, con todo, a ciencia actual ha superado moitas das súas ideas, como a explicación teleolóxica do universo, **renunciando** a ela e substituíndoa coa experimentación e as matemáticas, e deixando de lado conceptos como o éter.